



Escola de nais e pais

Moraña, 15 de outubro de 2013

Prezadas nais e pais do Concello de Moraña:

Dende o Concello estamos xestionando unha Escola de nais e pais co obxectivo de apoiar as familias na difícil tarefa de educar. Os fillos cambian e tamén os tempos e é importante adaptar as nosas estratexias para que o noso traballo como nais e pais sexa efectivo. Hoxe os pequenos da casa chegan antes á adolescencia e temos que estar preparados porque é una etapa dura non só para eles senón para nós. Necesitamos falar destes problemas para aproveitar a experiencia dos profesionais e tamén doutras nais e pais e así adiantarnos aos problemas e resolvelos con solucións axeitadas. Tamén é importante lembrar que non estamos sós nestas complexas etapas do crecemento dos fillos, só temos que aceptar as axudas e estar dispostos a aprender entre todos.

Na escola de nais e pais falamos da comunicación cos fillos/as, das estratexias para afrontar os problemas, da importancia das normas, dos síntomas cando as cousas non están ben, dos perigos do fracaso escolar, das nosas emocións e das emocións dos menores, da importancia da unión da parella fronte ás dificultades e moitas cousas máis. A proposta está aberta a todos e todas, tedes as datas e horarios dos encontros no reverso, esperámosvos.

Un saúdo

A alcaldesa



DATAS E HORARIOS

- 1- Nenos e nenas que non obedecen. 23 de outubro as 19 hs.
- 2- Adolescentes: comunicación e límites. 24 de outubro as 19 hs.
- 3- Protección ou sobreprotección. 30 de outubro as 19 hs
- 4- Como xestionar as responsabilidades dos fillos/as. 31 de outubro as 19 hs
- 5- Atención, hábitos de estudo e fracaso escolar. 6 de novembro as 19 hs
- 6- A importancia dos modelos dentro e fora do contexto familiar. 7 de novembro as 19 hs
- 7- As figuras de autoridade. 13 de novembro as 19 hs
- 8- Estratexias cando as cousas non están ben. 14 de novembro as 19 hs



Para calquer consulta chama ao Concello. 986 553005

Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra



Deputación
Pontevedra